



Normas de Participación do I concurso Entroido de Tapas

I CONCURSO "ENTROIDO DE TAPAS"

A Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada organiza o I CONCURSO "ENTROIDO DE TAPAS" co obxectivo de promocionar e potenciar o sector hosteleiro, a restauración e o turismo no municipio a través da temática do entroido, ademais de fomentar o uso das redes sociais e as novas tecnoloxías na cidadanía.

NORMAS CONCURSO DE TAPAS

1ª Ámbito de participación:

(Locais hostalaría)

O I CONCURSO "ENTROIDO DE TAPAS" correspondente a 2016, circunscríbese aos límites administrativos do municipio de Sada, puidendo polo tanto participar nel calquera establecemento adicado á hostalaría e restauración do concello de Sada.

2ª Obxecto de participación:

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo de unha (1) tapa, debendo contar entre os seus ingredientes básicos con produtos típicos da Sada e comarca e que sexan acordes coa festividade do entroido.

O prezo de venta ao público das tapas presentadas a concurso será como máximo de 1€.

3ª Inscripción:

Cada local participante deberá cubrir por escrito a ficha de inscrición que se poderá descargar na web municipal www.concellodesada.com, no perfil de facebook de turismo, solicitala por correo electrónico a través do correo electrónico oficinadeturismo@concellodesada.com, ou recollelo na Oficina de turismo de 10:00 a 15:00h. De luns a sábados.

O prazo de inscrición comezará o mércores 13 de xaneiro de 2016 e a data límite será o venres 5 de febreiro, sendo a presentación as opcións anteriormente mencionadas.

Os locais que participen, farano por medio da red social facebook, podendo subir a foto da tapa presentada a través da páxina creada para o evento.

4ª Difusión e material de participación:

Pechado o prazo de inscrición, o Concello de Sada difundirá e publicará a listaxe dos establecementos participantes mediante cartelería publicitaria, a través da páxina web municipal www.concellodesada.com, e a páxina de facebook destinada á promoción do concurso. identificadores para cada local, vales e outros medios de difusión.



5ª Modo e período de participación: (Locais hostalaría)

A tapa presentada ao concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento, así como en nº suficiente e razoable de unidades ou porcións, do 6 de febreiro ao 14 de febreiro de 2016.

Así mesmo, os locais deberán ter un horario definido no que se pode degustar a tapa a concurso, que será exposto e difundido a través de cartelería, folletos e medios de promoción do concello.

Os establecementos concursantes deberán ter expostos nun lugar visible o cartel anunciador do concurso, facilitado polo Concello de Sada, no que aparecerán relacionados os establecementos que participan no concurso.

Os locais participantes, farano a través da páxina creada para o evento, dende o 6 de febreiro, ate o día 15 de febreiro ás 14:00h., momento en que se fará recuento dos votos a través da mesma.

6ª Modalidades de votación:

Suma de votos na páxina do evento, sendo os tres primeiros os que terán dereito a premio.

7º Resolución:

O Concello de Sada a través do persoal que se designe, será o encargado de facer o recuento dos votos, do seguinte xeito:

Realizarase un evento a través da red social facebook, onde os locais exporán a tapa presentada cunha fotografía e unha breve descripción da mesma.

Aquel establecemento que obteña a puntuación máis alta dos votos totais emitidos polos usuarios ("Likes"), será o gañador absoluto do concurso.

No recuento dos votos non se valorará as reaccións (opcións como "me encanta", "me divierte"...), nin os votos emitidos polos propios perfís dos locais.

O "I ENTROIDO DE TAPAS", fallarase o día 16 de febreiro do 2016.

A resolución do concurso trala votación será inapelable, non podendo quedar deserto.

8º Premios:

Establécense os seguintes premios:

a) (Locais hostalaría)

- Premio do público, para a tapa gañadora segundo a puntuación media obtida unha vez recontados os votos emitidos por este, recibirá un trofeo e diploma honorífico e un premio en metálico de 100,00 € (cen euros)

- 2º e 3ª Premio: Trofeo e diploma honorífico.



9ª Aceptación das Normas de Participación:

A participación no I CONCURSO "ENTROIDO DE TAPAS" implica a aceptación destas normas, así como a resolución do mesmo.

Sada, 11 de xaneiro de 2016

O concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente

Asdo. Xosé Lois Suárez Becerra